

ACHEGAS AO ANTEPROXECTO DA LEI DE CAZA DE GALICIA

1.- Achegas de tipo xeral:

1ª) Primeira:

Vincular o aproveitamento cinexético coa sostenibilidade ambiental e coas normas vixentes en conservación da natureza.

2ª) Segunda:

Considerar en todo o texto “*aproveitamento cinexético*”, na vez de “*dereito cinexético*”.

3º) Terceira

Incluír unha referencia específica á Reserva Nacional de Caza de Ancares e modernizar esta figura anacrónica.

4º) Cuarta

Incluír un capítulo específico dedicado á prevención activa dos danos das especies cinexéticas provocan nos cultivos e na rede viaria (accidentes). Hoxe en día esta é unha das principais facetas que ten que resolver unha nova lei de caza, e na redacción actual está completamente ausente.

5º) Quinta

É necesario mellorar a redacción actual e clarexar a redacción referente á seguridade das persoas, tanto as participantes na actividade cinexética como as terceiras (persoas que non participan na actividade cinexética, pero desenvolven outras actividades no medio onde se realiza o aproveitamento cinexético). Neste sentido é necesario que a lei busque fórmulas para compatibilizar o aproveitamento cinexético co desenvolvemento de outras actividades no mesmo tempo e lugar.

2.- Achegas ao articulado:

Artigo 12

Punto 1:

Engadir despois de "*Administración Pública Galega*"; "*e polos titulares das terras*".

Explicación: semella lóxico que os titulares das terras, sobre de todo as comunidades de montes, poidan ter a capacidade de solicitar a creación de un refuxio de caza nas súas terras, se así o entenden para a posta en valor das súas terras.

Punto 2:

Engadir ao final do parágrafo "*tendo que contar co autorización expresa dos titulares das terras*"

Explicación: non é de recibo que entidades alleas as titulares das terras, poidan solicitar nestas terras a creación de un refuxio de caza, sen contar coa autorización expresa dos titulares das terras.

Punto 5:

Engadir “*sempre e cando a superficie resultante do TECOR sexa superior a 1.000 ha.*”

Explicación: debe garantirse unha superficie continua mínima de xestión para facer sostible a xestión e o aproveitamento cinexético. Coa redacción actual pode darse a situación de que puideran existir TECORES con superficies ínfimas (de unhas poucas hectáreas).

Artigo 13

Empregar definición legal de núcleos de poboación urbanos e rurais.

Explicación: a definición é demasiado ambigua para a súa aplicación práctica.

Artigo 14

Empregar definición legal de áreas industriais.

Explicación: a definición é demasiado ambigua para a súa aplicación práctica.

Artigo 15

Empregar definición legal de infraestruturas públicas.

Explicación: a definición é demasiado ambigua para a súa aplicación práctica.

Artigo 16

Punto 1:

Eliminar parte final do parágrafo en concreto: “*. . . cando a declaración sexa de oficio ou polo interesado cando sexa a petición de este*”

Explicación: non é lóxico que a sinalización por cuestións de seguridade supoña unha carga económica para quen a solicita, polo que deberá ser a propia administración a que realice a sinalización das zonas de seguridade

Artigo 18

Punto 4:

Engadir despois de “*unha superficie superior as 500 has*” o texto “*en couto redondo ou pertencente a un só titular*”

Explicación: se non se limita o terreo, estaríamos obrigando aos titulares das terras a asinar cos TECORES en calquera condición, xa que de non asinalos, as súas terras converteríanse en zonas libres para a practica da caza. Semella que para os redactores do anteproxecto da lei de caza, prevalece o feito de cazar (que non deixa de ser un aproveitamento), sobre a titularidade das terras (que é un dereito).

Artigo 20

Punto 2:

Substituír “*titulares de dereitos cinexéticos dos terreos*” polo seguinte texto “*titulares dos aproveitamentos cinexéticos dos terreos*”

Explicación: o dereito cinexético dos terreos correspóndelle aos titulares das terras. O dereito ao aproveitamento cinexético correspóndelle a aquel ou aqueles que teñen, dos titulares dos terreos, a autorización para levar adiante ese aproveitamento.

Punto 3:

Substituír parte final na vez de “*menor de dez anos*” poñer “*menor de cinco anos*”

Explicación: a cesión do aproveitamento cinexético debe corresponderse como mínimo coa unidade de planificación da actividade cinexética que é de cinco anos.

Punto 4:

Substituír “*duración mínima de dez anos*” por “*duración mínima de cinco anos*”

Explicación: a cesión do aproveitamento cinexético debe corresponderse como mínimo coa unidade de planificación da actividade cinexética que é de cinco anos.

Punto 4:

Eliminar “*prorrogados de forma indefinida*”

Engadir “*Ao cabo do período de cesión do aproveitamento cinexético, terán que renovarse de forma expresa establecendo un novo período de cesión e unhas novas condicións entre os propietarios da terra e os que realizan o aproveitamento*”.

Explicación: a cesión do aproveitamento cinexético non pode prorrogarse sen consentimento expreso da propiedade ao tratarse dun dereito real e é indecente que a prórroga se estableza de forma indefinida. A redacción actual supón unha usurpación da propiedade e do seu dereito aos aproveitamentos existentes na propiedade.

Punto 9:

Eliminalo.

Explicación: o cambio de titularidade dos aproveitamentos cinexéticos, só poderá facerse, se é autorizado polos titulares das terras.

Artigo 21

Punto 1:

Substituír “*documentos acreditativos da titularidade cinexética dos terreos*” por “*documentos acreditativos da cesión do aproveitamento cinexético*”

Explicación: a cesión do aproveitamento cinexético correspóndelle ao propietario da terra, polo que debe recollerse no documento a relación entre o propietario da terra (con indicación das referencias das distintas parcelas e a súa superficie) e quen vai a realizar o aproveitamento cinexético.

Punto 6:

Incluír “. . . os *TECORES* que voluntariamente quixeran revisalo, de forma xustificada, poderán . . .”

Explicación: as modificacións do plan de ordenación cinexética terán que estar motivados e xustificadas.

Artigo 22

Punto 2:

Substituír “*documentos acreditativos da titularidade cinexética dos terreos*” por “*documentos acreditativos da cesión do aproveitamento cinexético*”

Explicación: a cesión do aproveitamento cinexético correspóndelle ao propietario da terra, polo que debe recollerse no documento a relación entre o propietario da terra (con indicación das referencias das distintas parcelas e a súa superficie) e quen vai a realizar o aproveitamento cinexético.

Novo Punto 9:

“*Cumprir o establecido no acordo de cesión do aproveitamento cinexético*”

Explicación: resulta ,cando menos curioso, a nula importancia que lle dan os redactores do borrador aos dereitos dos titulares das terras.

Artigo 23

Punto 2:

Engadir despois de "*de aproveitamento cinexético común*" o texto "*e que conte co acordo dos titulares das terras*".

Explicación: se non é así, prodúcese da facto, unha usurpación dos dereitos dos titulares das terras. Ademais, pódese dar o caso que a aproveitamento da caza, sexa incompatible co definido nos planos de xestión do monte .

Punto 3:

Eliminar todo o que vai despois de "competente en materia de caza "

Explicación: usurpar é inxusto, pero usurpar para darlle en beneficio de terceiros, ademais é impresentable.

Artigo 24

Punto 1:

Substituír "*polo menos a titularidade cinexética do 75%*" polo texto "*pola autorización dos titulares das terras*".

Explicación: mantelo significa unha expropiación encuberta para beneficio de particulares.

Punto 2

Eliminalo.

Explicación: non ten sentido ao presentar a achega anterior .

Punto 5

Eliminar o que sigue despois de "*directamente polo concello*".

Explicación: usurpar é inxusto, pero usurpar para darlle en beneficio de terceiros, ademais é impresentable.

Punto 6.

Eliminalo.

Explicación: en consonancia coa achega anterior.

Punto 7

Engadir despois de "*gratuíto*", "*ou oneroso*".

Explicación: usurpar e ademais de balde é confiscar.

Artigo 25

Punto 2:

Incluír "*A superficie correspondente ás persoas propietarias que expresamente manifesten a súa negativa á constitución do TECOR na súa propiedade no período de información pública deberán quedar fóra da superficie do TECOR como zona de exclusión (artigo 18.5.), tendo a obriga o TECOR de sinalizar o seu límite.*"

Explicación: é de xustiza respectar os desexos expresos das persoas propietarias e non poder recaer neles o custe da sinalización.

Novo punto 4:

Incluír "*Reservarase unha porcentaxe mínima do 10% dos permisos diarios ás persoas propietarias onde radique o TECOR a título gratuíto*"

Explicación: é necesario que as persoas propietarias podan ter dereito se quixer ao aproveitamento do recurso que se sustenta na súa propiedade. De feito así está contemplado no artigo 17.4. da actual lei 4/1997 de caza de Galicia.

Artigo 25

Punto 3:

Engadir un punto i que diga "*o incumprimento de algunha das cláusulas do acordo de cesión*".

Explicación: resulta ,cando menos curioso, a nula importancia que lle dan os redactores do borrador aos dereitos dos titulares das terras.

Artigo 29

Punto 2 (nova redacción):

Incluír *“O exercicio da facultade de exclusión dun terreo para a práctica da caza realizarase coa comunicación da persoa propietaria á administración quen dará traslado ao TECOR para que realice a sinalización da prohibición de cazar nese terreo”*

Explicación: a persoa propietaria que non realizara a cesión expresa debe conservar o total dereito sobre a posible cesión do aproveitamento cinexético. Se quixera exercer a súa facultade de exclusión non pode recaer nela o custe da sinalización.

Artigo 30

Novo Punto 5:

“Terá a consideración de Reserva de Caza a actual Reserva Nacional de Caza de Os Ancares”

Explicación: é necesario actualizar unha figura anacrónica como é a Reserva Nacional de Caza de Os Ancares, incluíndoa na normativa autonómica.

Artigo 31

Punto 2:

Substituír *“que en ningún caso poderán ser dunha extensión menor de 50 ha.”* por *“que terán unha superficie mínima de 200 ha e un período mínimo de vixencia de 2 anos. De forma xustificada e motivada por danos reiterados nos cultivos poderá estudarse a variación da superficie mínima e do período mínimo.”*

Explicación: as condicións de superficie mínima (200 ha) e período mínimo (2 anos) son os que están vixentes na actualidade, sendo a única xustificación da súa variación a existencia de danos nos cultivos de forma reiterada. Por esta causa pode establecerse un parágrafo de salvagarda evitando xeneralizar a medida para todos os TECORES.

Punto 3:

Incluír *“. . . poderán ser obxecto de xestión cinexética de forma extraordinaria por causas xustificadas de danos reiterados nos cultivos por especies cinexéticas e só nas especies que están a provocar os danos”*

Explicación: a redacción actual permite que o xefe territorial autorice de forma discrecional a caza nos vedados.

Artigo 32

Punto 3:

Incluír *“. . . a titularidade do aproveitamento cinexético do 100% dos terreos . . .”*

Explicación: non parece lóxico que un terreo cinexético deportivo poda contar con terreos onde os seus propietarios non deron o seu consentimento expreso para a creación de este tipo de terreo cinexético sometido a réxime especial.

Artigo 34

Punto 1:

Substituír o texto *“acreditación da titularidade cinexética dos terreos”* polo texto *“acreditación do dereito ao aproveitamento cinexético dos terreos”*.

Explicación: o dereito cinexético dos terreos correspóndelle aos titulares das terras .O dereito ao aproveitamento cinexético correspóndelle a aquel ou aqueles que teñen, dos titulares dos terreos, ou autorización destes para levar adiante ese aproveitamento.

Punto 3

Substituír o texto "*contar coa titularidade cinexética da totalidade dos terreos*" polo texto "*contar co dereito ao aproveitamento cinexético dos terreos*".

Explicación: o dereito cinexético dos terreos correspóndelle aos titulares das terras .O dereito ao aproveitamento cinexético correspóndelle a aquel ou aqueles que teñen, dos titulares dos terreos, ou autorización destes para levar adiante ese aproveitamento.

Punto 4

Engadir ao final do parágrafo, o seguinte texto "*e obriga a realizar un novo contrato de cesión do dereito do aproveitamento cinexético*".

Explicación: no acto de cesión, o dereito cedese a un titular, se este cambia, perde todo o dereito ao aproveitamento. De non facela así, estaríamos facilitado un negocio fraudulento.

Artigo 36

Punto 5:

Substituír "*. . . procurarase ser respectuosos co ámbito natural . . .*" por "*. . .serase respectuoso co ámbito natural . . .*"

Explicación: o respecto ambiental non é unha cuestión de vontades senón de obriga legal.

Artigo 37

Punto 3:

Substituír "*. . . procurarase ser respectuosos co ámbito natural . . .*" por "*. . .serase respectuoso co ámbito natural . . .*"

Explicación: o respecto ambiental non é unha cuestión de vontades senón de obriga legal.

Artigo 38

Punto 3:

Eliminar

Explicación: non se pode admitir rebaixas na seguridade das persoas. A redacción actual é tan ambigua que permite saltarse a protección das zonas de seguridade sen moitas xustificación e de forma arbitraria. Ademais outórgaselles silencio positivo á solicitude, cando debe prevalecer o ben común.

Punto5:

Substituír "*. . . deberán ser sinalizadas polo promotor . . .*" por "*. . . deberán ser sinalizadas pola administración . . .*"

Explicación: o custe da sinalización no ámbito da seguridade a terceiros non pode recaer no solicitante, xa que a seguridade é unha competencia que debe protexer a administración polo ben común.

Artigo 39

Punto 1.a.:

Substituír: "*Ter catorce anos . . .*" por "*Ter dezoito anos . . .*"

Explicación: non ten xustificación baixar a idade para cazar, sendo contraproducente nos tempos que corren. Tendo en conta a necesidade de formación e experiencia para a actividade cinexética é mellor que actúen como acompañantes antes de pasar directamente

a persoas cazadoras.

Artigo 42

Punto 1

Engadir ,despois de *"un Plan de Ordenación Cinexético"* o seguinte texto *"que ten que contar co consentimento dos titulares das terras"*.

Explicación: o plan de ordenación cinexética pode ser contraditorio co Plan de Ordenación ou de xestión do monte, ou pode hipotecar postas en valor do monte veciñal. Nestes casos, os plans de ordenación cinexéticos, non poden ser os prevalentes.

Artigo 43

Novo Punto 2.h.:

"As accións de prevención de danos de cultivos e na rede viaria das especies cinexéticas presentes no TECOR"

Explicación: é necesario que a prevención de danos das especies cinexéticas estea incluída tamén na planificación.

Artigo 50

Punto 2:

Eliminar

Explicación: en coherencia coa proposta de que para cazar é preciso ter dezaioito anos.

Punto 7:

Substituír: *" . . . nin seguro de responsabilidade civil . . . "* por *" . . . e si seguro de responsabilidade civil . . . "*

Explicación: ao participar na actividade cinexética é necesario que teñan un seguro obrigatorio que cubra as súas accións ou omisións.

Punto 8:

Eliminar

Explicación: non é lóxico que polo feito de participar nun campionato esteas exento de ter licenza. Se o problema é as persoas que veñen doutras comunidades, hai posibilidade legal de artellar fórmulas para que dispoñan de licenza con carácter temporal.

Artigo 55

Novo Punto 5:

É necesario falar de prevención activa de danos das especies cinexéticas sobre os cultivos e nos accidentes de tráfico

Explicación: a redacción actual non fala nada sobre a prevención activa contra os danos da fauna cinexética.

Artigo 63

Novos puntos 1.o.:

" o.) Nas hortas, viñedos, campos de frutais, cultivos de regadío e montes de repoboación recente, a consellería competente en materia de caza poderá condicionar ou prohibir o exercicio da caza durante determinadas épocas."

Explicación: atópase recollido no artigo 36 da actual lei de caza, dentro das limitacións por cultivos e masas de auga, tendo plena vixencia a día de hoxe.

Novos puntos 1.p.:

“ p) a consellería competente en materia de caza e pesca establecerá igualmente de forma regulamentaria o aproveitamento cinexético das masas de auga cuxas características aconsellan aplicar un réxime especial, previo informe dos organismos con competencia sobre as mesmas.”

Explicación: atópase recollido no artigo 36 da actual lei de caza, dentro das limitacións por cultivos e masas de auga, tendo plena vixencia a día de hoxe.

Artigo 64

Novo punto 2.f.:

“Xustificarse a necesidade da acción e a imposibilidade de optar por outras medidas. Ao mesmo tempo deberá quedar constancia que se tentou outras alternativas sen éxito.”

Explicación: ten que quedar suficientemente motivado e fundamentado que non é posible actuar de outra maneira.

Novo Punto 5:

“Periodicamente informarase aos membros dos comités de caza das autorizacións especiais concedidas e dos seus resultados, ao mesmo que se farán informes trimestrais que serán publicados na páxina web da consellería competente en materia de caza.”

Explicación: a transparencia neste tipo de accións extraordinarias é fundamental para que cumpran efectivamente o seu cometido.

Artigo 65

Punto 2.b.:

Eliminar

Explicación: modalidade non tradicional en Galicia, con repercusións negativas para os raposos e os cans pola súa interacción nos refuxios.

Artigo 66

Punto 3:

Eliminar

Explicación: a tempada de caza é o suficientemente ampla como para que non sexa necesario facer as competicións cinexéticas fora dela.

Artigo 69

Punto 1:

Substituír *“Os TECORES poderán dotarse de vixilancia privada . . .”* por *“Os TECORES deberán dotarse de vixilancia privada . . .”*

Explicación: a actividade cinexética precisa de xestión e os gardas de caza contribúen en boa media a unha boa xestión cinexética, polo que non se explica que agora se deixe aberta a posibilidade de que os TECORES se doten de vixilancia privada se queren; cando na actual lei é unha obriga que nunca quixo levarse á practica por parte da administración.

Artigo 71

Punto 1:

Incluír *“organizacións que teñan por fin a conservación da natureza, organizacións de propietarios, sindicatos agrarios, asociacións de persoas usuarias de recursos naturais e institucións dedicadas á investigación.”*

Explicación: a actividade cinexética non só repercute en cazadores e administración.

Punto 3:

Incluír na parte final do parágrafo “*organizacións que teñan por fin a conservación da natureza, organizacións de propietarios, sindicatos agrarios, asociacións de persoas usuarias de recursos naturais e institucións dedicadas á investigación.*”

Explicación: a redacción actual reduce á composición actual dos comités deixando tan só a representantes de cazadores e á propia administración. Supón claramente un ataque á representación social, á participación pública e a transparencia que unha actividade tan importante no territorio debe ter.

Artigo 77

Punto 15:

Eliminar

Explicación: non ten xustificación a inclusión desta infracción, xa que na súa propiedade o propietario poderá desenvolver as accións que considere oportunas.

Artigo 78

Novo punto 44:

Incluír o texto do actual artigo 58, apartado 36 da actual lei de caza “*Arrendar ou ceder a título oneroso ou gratuito as autorizacións para o aproveitamento cinexético de terreos sometidos a réxime cinexético especial. A sanción levará aparellada a anulación da autorización.*”

Explicación: non ten xustificación que os TECORES societarios que nacen con carácter social entren na dinámica empresarial do comercio do aproveitamento cinexético, abrindo a posibilidade de subarendos ou transmisións dos dereitos cinexéticos.

Novo punto 45:

“*Falsear datos nos POC de maneira a declarar censos de fauna superiores aos reais para poder seguir cazando onde a escasez de individuos recomendaría a suspensión da actividade cinexética.*”

Explicación: é necesario que os TECORES teñan unha planificación cinexética máis rigorosa.

Novo punto 46:

“*Cazar, comercializar, posuír ou transportar pezas de caza, vivas ou mortas, calquera que sexa a súa idade ou sexo, en caso de que sexan notorios, cando non concorden cos legalmente permitidos.*”

Explicación: atópase na actual lei de caza e non hai motivos para quitala.

Novo punto 47:

“*Cazar servíndose de animais ou vehículos como medio de ocultación.*”

Explicación: atópase na actual lei de caza e non hai motivos para quitala.

Artigo 81

Punto 1.a.:

Substituír “*de 100 a 600 euros . . .*” por “*de 100 a 1.000 euros . . .*”

Explicación: os importes son os mesmos que na lei 4/1997, polo que quince anos despois é preciso actualizalos, sobre todo nos tramos superiores.

Punto 1.b.:

Substituír “*de 601 a 6.000 euros . . .*” por “*de 1.001 a 10.000 euros . . .*”

Explicación: os importes son os mesmos que na lei 4/1997, polo que quince anos despois é

preciso actualizalos, sobre todo nos tramos superiores.

Punto 1.c.:

Substituír “de 6.001 a 30.000 euros . . .” por “de 10.001 a 100.000 euros . . .”

Explicación: os importes son os mesmos que na lei 4/1997, polo que quince anos despois é preciso actualizalos, sobre todo nos tramos superiores.

Disposición adicional primeira

Engadir ao final do texto "*Estes cambios nos TECORES, teñen que contar coa autorización dos titulares das terras*".

Explicación: de non facelo así, estase procedendo a unha usurpación da xestión e decisión dos titulares das terras.

Nova Disposición adicional

Engadir unha disposición adicional quinta co seguinte texto "*Os dereitos de cesión dos aproveitamentos cinexéticos, ten que facerse mediante un contrato, que terá que conter, como mínimo, as seguintes cuestións :*

- ✓ *Data do acordo asembleario no que se decide ceder os dereitos dos aproveitamentos cinexéticos.*
- ✓ *Tempo de duración do contrato de cesión.*
- ✓ *Carácter gratuíto ou oneroso.*
- ✓ *Esixencia de un seguro de responsabilidade civil ao beneficiarios, que cubra tanto os accidentes causados polo exercicio da caza , como dos derivados animais procedentes dos terreos cedidos .*
- ✓ *Prevalencia dos traballos definidos nos plans de ordenación ou de xestión do montes , e prevalencia dos acordos tomados pola asemblea xeral da comunidade de montes para a posta en valor dos seus montes .*
- ✓ *Condicións en como ten que ser devolto o monte veciñal, unha vez rematado o contrato de cesión."*

Disposición transitoria

Engadir unha disposición transitoria cuarta co seguinte texto "*No prazo de seis meses, contados a partir de entrada en vigor da presente lei, todos os TECORES vixentes teñen que contar de novo coa autorización dos titulares das terras. Os TECORES que non cumpran esta condición ,quedaran extinguidos"*.

Compostela, 5 de marzo de 2012

Asinado,

Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA